

# O Atlas Lingüístico Galego

CONSTANTINO GARCIA  
ANTON SANTAMARINA  
ROSARIO ALVAREZ BLANCO  
FRANCISCO FERNANDEZ REI  
MANUEL GONZALEZ GONZALEZ

*Un novo atlas lingüístico vai vir sumarse ós atlas de pequenos dominios. Na Península Ibérica saíron xa os atlas lingüísticos dos países de fala catalana e os rexionais de Andalucía e Canarias, e están a saír outros de diversos territorios.*

*No campo dos falares occidentais da Península Ibérica non apareceu até agora mostra ningunha da realización dun atlas. O ALGA vai se-lo primeiro.*

## I. O A.L.P.I. E GALICIA

Manuel Alvar empeza así o seu artigo que leva por título *Galicia en la cartografía lingüística*: "En el desarrollo de la geografía lingüística, Galicia ha contado en diversos proyectos. Cincuenta y dos localidades de la región fueron incluidas en el ALPI, y estos datos son —hoy por hoy— los que permiten, a pesar de la pobreza de los materiales publicados, hablar de una geografía lingüística regional"<sup>1</sup>.

Efectivamente, ata o momento, os 75 mapas do ALPI, nos que están representadas 52 localidades de Galicia, son o único material co que conta a cartografía lingüística galega, material que, se non parece moi abondoso visto desde un plano xeral pra estudar a personalidade lingüística de Galicia dentro da Península Ibérica, resulta francamente exíguo cando con base nese material pretendemos estudar a realidade lingüística intrínseca de Galicia, tarefa que é máis ben propia dun Atlas de pequeno dominio co pode se-lo ALGA.

Se ben o ALPI non nos proporciona o material necesario pra estudar cunha certa profundidade a lingua galega viva, permítenos, non obstante, albiscar e plantexar os problemas que amosan unha urxencia meirande, dos que, sen dúbida, o ALGA nos ha da-los medios suficientes pra obter unha visión máis clara deles e pra profundizar na súa comprensión co detemento debido.

O ALGA será o instrumento que veña a enche-lo valeiro que actualmente existe nos estudos de xeografía lingüística dentro do territorio de fala galega, e, ó mesmo tempo, ofreceranos un abondoso caudal de datos que nos

<sup>1</sup> Alvar, M., "Galicia en la cartografía lingüística", *Verba. Anuario gallego de Filología*, vol. 1, 1974, Universidad de Santiago de Compostela, p. 54.

permitirán o estudio de numerosos problemas, que xa se poden albiscar nunha análise detida do reducido material que nos ofrece o ALPI prá zona do galego. Algúns destes problemas, coa solución dos cales aínda non se contou suficientemente nos estudos de dialectoloxía galega, son

- a distribución da alternancia dos diptongos *-oi-*, *-ui-*;
- traza-las isoglosas do seseo, facendo consta-lo tipo de *-s-* que se practica en cada zona de seseo, así como a distribución en que ese *-s-* aparece (implosiva ou explosiva);
- deslinda-la fronteira da geadá, describindo da maneira mais exhaustiva e detallada posible as súas isoglosas, e tratando de explica-las súas sinuosidades;
- o paso de *-ng-* a *-nk-* que o ALPI rexistra en gran parte da provincia de Pontevedra e nun punto da da Coruña, provincia esta última onde o enordecemento do segundo elemento do grupo *-ng-* está moito máis extendido como se verá coa publicación dos materiais do ALGA;
- os resultados dos sufixos *-anu*, *-ana* latinos;
- o polimorfismo e as súas consecuencias na realidade viva da lingua;
- a distribución das áreas léxicas;
- a penetración do castelán na fala galega; etc.,

problemas todos eles que están entrevistados no ALPI, pro que necesitan dun material moito máis exhaustivo, como vai se-lo do ALGA, pra seren correctamente interpretados.

A comparanza dos resultados do ALGA cos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* permitiranos ve-la evolución da lingua nos últimos corenta anos. Estamos cáseque seguros de que moitos puntos que hoxe son totalmente ou case totalmente yeistas, hai corenta anos non conocían senón a articulación do *-ll-* pronunciado como son “palatal, lateral, sonoro”.

## 2. GALICIA E PORTUGAL

A conexión de Galicia e Portugal nos proxectos de cartografía lingüística portuguesa é un feito recente, xa que a rama galega foi esquencida tanto no programa do Centro de Estudos Filolóxicos de Lisboa publicado no primeiro fascículo do *Boletim de Filologia* do ano 1932 onde se manifestaba a intención de elaborar un “Atlas lingüístico de Portugal e Ilhas”, coma nos traballos preparatorios de Manuel de Paiva Boléo prá elaboración dun *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal*. O primeiro proxecto foi abandonado por falta de medios materiais e de persoas preparadas pra podelo levar a cabo, e o segundo deixou como froito o famoso *Inquérito Lingüístico por correspondência* de Paiva Boléo.

É no *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* onde por primeira vez aparecen xuntas as realidades lingüísticas de Portugal e Galicia dunha maneira global nun traballo de xeografía lingüística.

Por fin, no ano 1957, Manuel de Paiva Boléo, José G. Herculano de Carvalho e Luís F. Lindley Cintra deciden prepara-lo *Projecto de um Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza*, que aparece publicado en

Lisboa no ano 1960 nas *Actas do III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros*, vol. II, pp. 413-417. Pro este proxecto quedou estancado ata o ano 1970 en que F. Lindley Cintra coa colaboración de Maria Filipa Gottschalk e Maria da Graça Themudo Barata empeza os traballos previos prá realización do Atlas proxectado; trátase dunha laboura previa, mais ca nada de preparación, centrándose sobre todo na reedición da obra de José Leite de Vasconcelos: *Esquisse d'une dialectologie portugaise*<sup>2</sup> e na preparación dunha *Bibliografía Dialectal Galego-Portuguesa* que acaba recentemente de ve-la luz pública. No ano 1974 publícase o *Questionario*<sup>3</sup> pró *Atlas lingüístico-etnográfico de Portugal e da Galiza*, e en xuño deste mesmo ano prodúcese a retirada deste proxecto do seu principal promotor Lindley Cintra, deixando o traballo en mans dun equipo do Instituto de Linguística de Lisboa.

O cuestionario deste proxectado Atlas é lexical, con predominio da perspectiva onomasiolóxica; tivo como fontes principais, según manifesta na Introducción o equipo encargado da súa elaboración, os cuestionarios anteriores pró dominio ibérico: ALPI, ALEA, ALEAR, ALDC e o ILB, tendo tamén en conta o cuestionario do ALM na parte referida á vida marítima, e os traballos do Centro de Etnología Peninsular no relacionado cos obxectos e ferramentas agrícolas, así como diversas monografías e teses de licenciatura.

Vai organizado por campos semánticos, seguindo o sistema ideolóxico de conceptos de Wartburg-Hallig. Se ben no cuestionario tamén se tratan os aspectos fonético e fonolóxico, non se fixo a separación de capítulos adicados exclusivamente ó nivel fónico; pola contra, as preguntas de interese fonético ou fonolóxico intégranse tamén nos campos semánticos respectivos, indo acompañadas dun sinal gráfico que recorde ó enquisador o interese fonético da pregunta.

Non se inclúe no cuestionario a morfoloxía e a sintaxe, salvo algúns problemas de morfo-fonoloxía; e pró parte de etnografía elaborouse un cuestionario complementario. Tamén se fixo un álbum de dibuxos e unhas listas da nomenclatura vulgar da flora e da fauna, acompañada da respectiva clasificación científica.

Respecto ás enquisas, ademais da transcripción feita polos encuestadores, está prevista a súa grabación completa co fin de poder analizar posteriormente o material. Está previsto, asimesmo, facer varias enquisas en cada punto: unha principal completa, feita a un informante das características establecidas tradicionalmente pola xeografía lingüística, e outras parciais a informantes de diferente idade, sexo ou estrato social, ou a informantes que poidan dar unha información máis completa respecto ó vocabulario especializado.

<sup>2</sup> Leite de Vasconcelos, José: *Esquisse d'une dialectologie portugaise*, preparada por Maria Adelaide Valle Cintra e publicada como vol. I da serie *Publicações do Atlas etnográfico-lingüístico de Portugal e da Galiza*, Lisboa, 1970.

<sup>3</sup> *Questionário lingüístico*, Publicações do Atlas lingüístico-etnográfico de Portugal e da Galiza, Instituto de Linguística, Lisboa, 1974 (elaborado por Maria Filipa de Carvalho Félix Gottschalk, Maria da Graça Appleton Themudo Barata e José Victor do Carmo Rodrigues Adragão, con prefacio de Luis F. Lindley Cintra).

Cada cuestionario vai precedido dunhas follas onde se recollen datos sobre a enquisa, os informantes e a localidade onde se leva a cabo. Consta de tres grandes apartados adicados ó universo, ó home e ó uníversono; ó remate leva unhas follas en branco pra facer anotacións.

A realización desta tarefa tan meritoria como interesante vai levar aínda moito tempo.

### 3. NECESIDADE DO A.L.G.A.

O estudio da lingua dá lugar a unha ciencia, a lingüística; en troques, a xeografía lingüística non pode ser vista máis ca coma un medio, un instrumento, iso sí, importante pró cultivo desa ciencia. Sin perder nunca isto de vista, temos que proclamar que o contar cun ALGA é de suma importancia porque nos permite a utilización duns materiais básicos pra calquera tipo de investigación filolóxica. Se hoxe non se chegan a facer realidade moitos estudos non é por incapacidade ou ausencia de persoas anxeiosas de facelos, senón porque calquera estudio esixe un labor de campo e de recolleita de materiais que non sempre un investigador individual está en condicións de levar a cabo.

A lingua é un sistema en constante fervura, e no seu seo estanse a cocer sen pausa cambios en tódolos niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico, semántico, etc. Un atlas lingüístico dános unha instantánea da vida enteira da lingua, a traveso da que podemos descubri-la súa forza e o seu espírito creador.

Por se-la lingua un sistema cheo de tensións internas, que están decote a producir cambios nos seus elementos, é moi importante que a confección dun atlas lingüístico se leve a cabo nun período de tempo limitado e o máis curto posible. Isto, que é importante pra calquera atlas lingüístico, éo moito máis pró ALGA, por esta-lo galego neste intre nun período de inestabilidade grande e sometido a moitas presións. Estas poden ser externas, como o é o empuxe do castelán a través dos medios de comunicación social, radio, televisión, prensa, etc., e internas, como o é o paso dun tipo de civilización agrícola a outra que quere ser industrial. Vencellado a isto está o precio psicolóxico que o galego de clase baixa ten polo medio rural no que vive, o cal leva consigo un cambio tamén na lingua empregada, xa que unha cantidade grande de instrumentos e produtos usados nos medios rurais están a desaparecer da vida destas xentés. A nomenclatura enxebre e rica do galego vai quedando cada día máis pobre ó desapareceren moitos termos xuntamento cos obxectos a que dan nome.

O método da xeografía lingüística permítenos unha penetración inmediata e xeral na vida da lingua nun determinado intre. A sistematización xeográfica e sincrónica de toda a variedade de formas pra un determinado concepto dános unha panorámica xeral da lingua.

Un atlas lingüístico axúdanos a determina-la área dunha verba ou dun fenómeno lingüístico determinado, a localizar esta área nun medio xeográfico, a describi-la súa forma, a delimita-la súa extensión e a estudia-la súa situación respecto a outras áreas que teñan algún xeito de relación con esta. Esta é a función puramente descriptiva da xeografía lingüística; pro a ciencia

lingüística, por ser tal ciencia, non pode quedar reducida á epiderme descriptiva. O verdadeiro valor da distribución e disposición dos materiais nun atlas lingüístico é a capacidade que este acopio de datos, así sistematizados, ten, en primeiro lugar, pra plantexar novos problemas; en segundo, pra resolve-los vellos que están sen resolver; e, en terceiro, pra servir de apoio a solucións xa dadas, ou pola contra, pra rexeitar e poñer en tea de xuício outras que non foron acertadas. Este aspecto da xeografía lingüística foi visto con moita claridade por Jaberg nun estudio sobre da randeeira no portugués:

L'idée fondamentale de la géographie linguistique consiste à transposer l'étude de la langue du point dans l'espace, à ne plus envisager le fait linguistique comme strictement localisé, dans l'espace à ne plus envisager le fait linguistique comme strictement localisé, dans sa création et dans son évolution, mais à le considérer dans ses rapports avec d'autres foyers créateurs, à le placer dans son entourage géographique, à établir son "aire". Nous voulons savoir où l'on dit *bombo* pour la balançoire, où l'on emploie le mot *balouço*, *redouça*, *balancé*, *trapézio*, etc., et quelles sont la forme, l'extension et la situation réciproque de leurs aires.

En tant qu'elle établit ses faits, la géographie linguistique est purement descriptive. Mais la description, si elle demande, pour être rationnelle, une grande expérience scientifique, n'est jamais le but final de la science. Tout vrai chercheur a hâte de passer de la description à l'explication, et la disposition des matériaux sur des cartes linguistiques ne marquerait pas un grand progrès si elle ne posait pas de nouveaux problèmes tout en nous aidant à en résoudre d'anciens. L'interprétation d'une carte linguistique tend d'abord à faire voir les différentes formes ou les différents modes d'expression, juxtaposés sur la carte linguistique, sous l'aspect de leur succession, autrement dit à montrer comment les aires des faits linguistiques se sont constituées et superposées"<sup>4</sup>.

O ALGA, ademais de ser un instrumento importantísimo pró estudio da fonética, da morfoloxía e da sintaxe galegas, ha de ser unha contribución decisiva prá confección dun futuro dicionario galego da fala viva. Permittediranos ve-la meirande parte dos sinónimos de gran número de verbas vivas, así como as variantes fonéticas destas. Vexamos algún exemplo:

Pra indica-lo "lóstrego" atópanse, entre outras, as verbas seguintes: *lostrego*, *lóstrego*, *lóstrego*, *lustrigo*, *lustrijo*, *lustro*, *relustro*, *relustre*, *relistro*, *relusco*, *relámpago*, *relampo*, etc.

Pra indica-la "folla do pino": *rama*, *pico*, *faisca*, *fasco*, *pica*, *muña*, *muña*, *orquilla*, *foupa*, *frouma*, *agulla*, *fronza*, *guyo*, *picaños*, *picóns*, *buísa*, *isca*, etc., etc.

Pra designa-la "samesuga": *samesuga*, *samesuja*, *sambesuga*, *sambesuja*, *zamezuga*, *zamezuja*, *cemezuga*, *cemezuja*, *sanijuela*, *sanigiuela*, *sanguijuela*, *sandijuela*, *sanguisuela*, *sanjisuela*, *sanguixuela*, *sanquixuela*, *andixuela*, *sa-*

<sup>4</sup> Jaberg, K., "Géographie linguistique et expressivisme phonétique: Les noms de la balançoire en portugais", en *Revista Portuguesa de Filologia*, Coimbra, vol. 1, 1947, pp. 1-2.

*mijuela, anguijuela, anquixuela, andigüela, anguichuela, abichuela, becha, bicha, chupasangres, chupós,* etc.

O ALGA, coa presentación do material en mapas ordenados por campos semánticos, ha ter unha importancia decisiva no estudio da estrutura do vocabulario, no da distribución das áreas léxicas, no da formación de verbas, e, tamén, no da semántica funcional.

Este atlas amosaranos, nalgúns puntos, as diferencias lingüísticas entre xentes de diverso estrato social. Ensinaranos como a profesión, a idade, o sexo son factores que poden dar unha fisonomía especial á fala de mariñeiros, labradores, canteiros e zarralleiros, á da xente nova fronte á de idade madura, á dos homes fronte á das mulleres. Daranos tamén unha base pra valora-lo influxo do castelán na fala viva da Galicia de hoxe, e estudia-lo problema das linguas en contacto e das interferencias lingüísticas entre o castelán e o galego: o problema dos falsos galeguismos (*cexas, conexo,* etc.) e dos hiperenxebrismos (*hourizonte, primaveira,* etc.).

O ALGA permitiranos distinguir, desde un punto de vista dinámico, na lingua galega, entre as *denominacións expansivas* e as *denominacións eruptivas*, empregando a terminoloxía de Jaberg<sup>5</sup>. Son denominacións expansivas aquelas que, xeralmente, saen da lingua dos centros culturais e que tenden a se impoñer ós falantes populares; nestes casos, os diversos estratos lingüísticos teñen un carácter uniforme; mesmo, cando están desgarrados, permiten reconstruí-la antiga unidade. En troques, as innovacións, a miúdo afectivas ou pintorescas, que xorden da necesidade creadora propia do home, e polas cales el tenta restablece-la relación entre as cousas e o seu xeito de as concebir, son as que chamamos denominacións eruptivas. Aparecen cando a lingua, obedecendo a impulsos internos, trata de substituír en distintos puntos de todo o dominio lingüístico, e con total independencia, a desgastada roupaxe dun concepto por outra nova e mellor. As denominacións expansivas, que parten dun centro cultural de importancia, cobren, xeralmente, grandes áreas; pola contra, as innovacións eruptivas aparecen illadas ou en pequenas aglomeracións.

#### 4. ESTUDIOS PREVIOS NO DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA ROMÁNICA

Como xa se dixo máis arriba, este tipo de traballos debe basarse sobre a experiencia dos que nos precederon no mesmo campo, na Península e en toda a Romanía; polo menos no tocante ó método e a algunhas cuestións xerais. Pro no que se refire ó especificamente galego, é importante o coñecemento previo da lingua, cultura e economía do territorio a estudar.

O Departamento de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago tiña no seu haber un material imprescindible que serviu de punto de partida. Nos últimos anos posibilitou a presentación e lectura de corenta teses de licenciatura e catro teses doutorais sobre a fala de distintos puntos de Galicia, que atenden tamén ó aspecto etnográfico. Ó mesmo tempo, os membros deste departamento estaban adicados ó estudio da gramática e do léxico

<sup>5</sup> Jaberg, K., *op. cit.*, p. 26.

galegos, que cristalizou en traballos publicados como artigos ou anexos en *Verba*, *Anuario Gallego de Filología*, do que o primeiro número saíu á rúa no ano 74. Por outra parte, dispoñiamos de doce modelos de enquisas cunha media de trescentas preguntas sobre temas concretos, que os profesores do departamento e os alumnos de tódalas promocións de Filoloxía Románica realizamos a través da xeografía galega.

Sobre este material, e coa axuda da bibliografía especializada existente, iniciámo-los traballos preparatorios prá confección do Atlas Lingüístico Galego.

## 5. O CUESTIONARIO

Cando se estudia somentes a fala dun lugar, o ideal é facelo a base dun rexistro de conversas, despois de permanecer unha temporada nese punto, pro pra un atlas lingüístico iso é inviable, amais de antieconómico, polo que xorde deseguida a necesidade dun cuestionario; hai que facer en tódolos lugares a encuestar as mesmas preguntas e procurar que non falten moitas que poidan interesar. A confección dun cuestionario adecuado foi un dos problemas meirandes, pois os que se fixeran astra entón pra outros dominios non eran axeitados ó noso. Eramos por outra parte conscientes de que da calidade do mesmo dependía en boa medida o éxito ou fracaso da empresa.

A primeira pregunta que nos asaltou a nós, coma a tódolos que se propuxeron a realización dun atlas lingüístico, é a de se o cuestionario debe ser único ou se, coma no AIS ou no de Rumanía, é preferible contar con dous ou tres, de distinta extensión e profundidade. Pareceunos que a diversidade entre as xentes, a economía, a cultura, etc., non é tan acusada dunha parte a outra de Galicia como pra facer aconsellable a pluralidade de cuestionarios.

Observamos en tódolos que consultamos antes da elaboración do noso, que existe unha longa serie de cuestións de léxico xeral e outras especializadas, que lóxicamente non han ter contestación en tódolos puntos nin por tódolos informantes. Non nos pareceu conveniente excluílas, polo menos non aquelas que puideran contribuir a dar unha imaxe fiel do que é a realidade da cultura e economía galegas, e polo tanto da lingua máis empregada: difícilmente na Golada ou no Trobo contestarán no referente á viticultura, pro estas preguntas non poden deixar de facerse no Valdeorras, no Ribeiro, no Salnés nin en tantas bisbarras máis. O feito de non seren contestadas estas ou outras cuestións nun ou noutro lugar é algo que debe aceptarse con calquera tipo de cuestionario, único, dobre ou triple.

Só no que se refire á vida mariñeira fixemos unha excepción. Sabido é de todos que mesmo nos portos se dá unha economía dacabalo entre o agro e o mar. Coidamos que en cáseque tódalas vilas mariñeiras poderíamos levar a cabo un cuestionario pensado pra un medio rural campesiño, pro non ó contrario. Isto animounos a non ampliar excesivamente o que deberíamos empregar en 167 puntos, dos que a meirande parte non teñen nada que ver co mar. Por outra parte, o galego está ben representado no *Atlas Lingüístico de los Marineros Peninsulares*, pró que fixeron 25 encuestas da nosa costa membros do I.L.G. Con todo, non renunciamos a representar este aspec-

to fundamentalísimo da nosa economía: a intención dos que isto facemos é publicar como apéndice un pequeno atlas da fala mariñeira de Galicia, no que se recollan termos moi específicos desta materia en localidades costeiras moi sinaladas.

Cómpre, antes de expo-lo contido, clarexar un punto. Ó principia-la confección do cuestionario, aceptámo-la proposta do Departamento de Xeografía Lingüística da Universidade de Madrid, de inxeri-las cuestións que deben contestarse en Galicia prá realización do *Atlas Lingüístico de España y Portugal*; fixémoslo, sinalándoas debidamente. Por iso, o lector deste artigo ou o que se achegue máis ó cuestionario non debe extrañarse ó atopar nel cuestións que pouco ten que ver cos elementos definitorios da nosa cultura. Outros, poida que atopen faltas, ausencias máis ou menos importantes, das que somos conscientes. Na primeira redacción do cuestionario, na que incluímos todo o que nos parecía dunha certa importancia filolóxica ou etnográfica, xa que intentabamos dar unha imaxe fiel e completa da nosa cultura, o resultado foi un programa con máis de 6.000 preguntas. Este chegou a pórse a proba, pro logo cumpriu unha reflexión realista, pensando máis ca nada no tempo, o gran enemigo da Xeografía Lingüística, e reduciuse o cuestionario ó que é hoxe: 2.711 cuestións, que tiran un promedio de máis de 4.000 voces recoleitas en cada localidade.

Pasamos, xa no remate, á exposición do seu contido:

### I. FONÉTICA

*Fonética vocálica:* acento.—Tratamento do E, o breves tónicos latinos.—Oposicións o, e abertos e pechados.—Vocais breves ante o iode.—Vocais átonas.—Vocais finais.—Vocais en hiato e diptongos.

*Fonética consonántica:* F, G', J- iniciais.—L e N iniciais e intervocálicos. Os grupos latinos -LL-, -NN-.—Grupos iniciais de oclusiva e líquida.—Tratamento do S- inicial latino.—Oclusivas intervocálicas.—O -D- intervocálico.—Consoantes interiores agrupadas.—s ante o sonido inicial da palabra seguinte.—Oclusiva interior seguida de l ou r.—Tratamento de -it-, -ll- e -j-, -x-.—Consoantes finais.

### II. MORFOLOXÍA (149-389)

O xénero.—O número.—Numerais.—Pronomes, artigos.—Pronomes persoais acentuados.—Pronomes persoais átonos.—Posesivos.—Adxectivos e os seus comparativos.—Conxugación de verbos (*coller, vir, facer, estar, ter, dar, poder, querer, caber, valer, ouvir, rirse, saír, agradecer, ulir, ser, ver, haber, decir, andar, ir, cantar, vender, moer, podreecer, partir, subir, traer, poñer* e formas especiais doutros verbos).—Partículas.

### III. SINTAXE (388-527)

Dáse unha lista cos modelos das construcións sintácticas máis interesantes, pra confirma-la súa existencia en todo o dominio galego ou en parte del.

## IV. LÉXICO (528-2711)

a) *O tempo* (528-664). Neste capítulo a primeira parte refírese ó tempo cronolóxico e á súa medición (distintos momentos do día, días da semana, estacións e meses do ano...), cos instrumentos pra facelo; logo, o que mira ós astros (o sol, a lúa e as súas fases, estrelas e constelacións coñecidas...) e ó tempo meteorolóxico (distintos estados climáticos, ventos, nubes, choiva, neve...). Tamén se pregunta polos refráns referidos a un e ó outro.

b) *Accidentes topográficos* (665-765), con preguntas referidas ós distintos tipos de camiños, vales, correntes de auga, á súa acción sobre o terreo, os montes e as súas partes, pedras e buratos. Metais.

c) *Agricultura* (766-1021). Quizais sexa este un dos apartados máis interesantes, co da facenda, por estar baseada nestes dous modos de vida a economía da meirande parte do país.

Ábrese cunha serie de preguntas sobor dos distintos tipos de fincas e modalidades pra pechalas; logo, os xeitos de sementar e o léxico referente á preparación do terreo pra tal labor; séguenlle o trigo, a seitura e a malla; diferentes castes de gran, en especial o millo; o rego; os abeños da labranza, tipos e partes dos mesmos (o xugo, o arado, a grade, o carro, legóns, aixadas, sachos, forquitas, forcados...); os animais de tiro e os arrees; e, ó cabo, as construcións aledañas pra distintos usos relacionados con este modo de vida e traballo, maiormente o piorno ou cabazo.

d) *Viño, aceite, fariña, panificación, la e liño* (1022-1135). O fundamental deste capítulo refírese ós diferentes momentos e labores na confección destes produtos, ós instrumentos (lagar, lagareta, pipas; o muíño; trebellos pra amasar; o forno; o fuso, a roca e os máis usados na elaboración do liño e la; o tear), sempre coas súas partes. Do mesmo xeito, pregúntase polos nomes e tipos de produto elaborado.

e) *Prantas* (1136-1355). Primeiramente, as prantas silvestres; logo, a horticultura; no remate, as árbores, fruteiras e non fruteiras, con especial atención á castaña e ós xeitos de inxertar.

f) *Insectos. Aves. Animais salvaxes* (1356-1451).

g) *Pesca e caza* (1452-1494). Pregúntase polos distintos trebellos de caza e pesca, polas diferentes especies animais. Polo que toca á pesca, refírese fundamentalmente á de río.

h) *Vida pastoril* (1495-1666). A meirande parte do capítulo pregunta por todo o relacionado coa vaca, a súa alimentación e a elaboración dos produtos derivados do leite (clases de vacas, parte das mesmas, enfermidades, nomenclatura das diferentes edades da súa vida...). Inclúese o referente á ovella e á cabuxa.

i) *Animais domésticos* (1667-1826). A primeira parte deste apartado, que dalgún xeito continúa o anterior, está adicada ó

porco e á mata; séguelle o relacionado co gando cabalar e mular, pra rematar co can, o gato, a galiña e outras aves domésticas, e as abellas, coa obtención do mel.

j) *A casa. Ocupacións domésticas* (1827-2064). Pregúntase polas distintas pezas que a compoñen, en particular pola cubrición; pola moblaxe e trebellos; pola elaboración da comida e outras tarefas domésticas.

k) *O corpo humano. Movementos e accións* (2065-2306). Comprende, amais das diferentes partes do corpo, os adxectivos relacionados coas características corporais da persoa, as enfermidades e os defectos físicos, e as accións realizadas gracias ás partes mencionadas.

l) *O vestido e o calzado* (2307-2349).

m) *A familia. A vida humana* (2350-2491). A primeira parte refírese ás relacións sociais e de parentesco, e ás distintas edades da vida; logo, unha longa serie de adxectivos relacionados coa actividade intelectual e a conduta social. No remate, a morte e a herdade.

n) *O mundo espiritual* (2492-2524). Amais do culto e das distintas festas relixiosas, engádense a superstición e os festexos enxebres (o lume de San Xoán, o antroido, defuntos, o trasno...).

o) *Os xogos e diversións* (2525-2572). Pregúntase polos xogos dos nenos e dos grandes; tamén polos instrumentos musicais.

p) *Oficios* (2573-2706). Pregúntase primeiramente polas distintas denominacións segundo o oficio, pro a meirande parte do capítulo está adicada ás ferramentas que lle son propias a cada un deles; engádense algunhas preguntas sobor da elaboración dos materiais.

q) *Pesas e medidas* (2707-2711): instrumentos e equivalencia aproximada; medidas de capacidade pra áridos e líquidos; medidas de superficie; medidas de peso; medidas de lonxitude.

## 6. OS ENCUESTADORES

Os encuestadores do ALGA foron, María do Rosario Alvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González, que remataron os seus estudos de Filoloxía Románica no ano 1974. Os tres participaron na elaboración do cuestionario cos seus profesores Constantino García e Antón Santamarina.

Xeralmente, un encuestador facía unha encuesta nun punto mentres os outros dous facían cadansúa en puntos próximos. Non houbo, pois, unha división de ámbito lingüístico en tres zonas.

Tódalas respostas foron transcriptas directamente, facéndose ademáis grabacións en cinta magnetofónica pra termos unha mostra da fala viva do lugar, e especialmente en puntos de geadá e seseo, que nos permitira logo fixar con máis exactitude o tipo de articulación de sonidos problemáticos.

Antes de realiza-las primeiras encuestas, os tres encuestadores fixeron moitas prácticas de transcripción, especialmente con falantes da comarca de Compostela, a fin de homoxeinizaren o ouvido e de se afaceren a usa-los mesmos signos fonéticos, amais doutros signos convencionais. Logo, as primeiras encuestas fixéronse estando os tres encuestadores no mesmo lugar e cos mesmos informantes; mentres un preguntaba e transcribía, os outros fixébanse ben no transcripto pra comprobar se o rexistrado concordaba co que eles porían.

Despois cada un encuestaba nun punto, pro de cando en vez os tres facían a enquisa dun punto, xa tendo un só informante como nas primeiras, ou cadanseu informante, pro todos nun mesmo lugar a fin de discutiren as formas conflitivas que puideran ir xurdindo. Todo isto facíase pra que aquela homoxeneidade de ouvido e transcripción que ó principio se intentaba acadar non se fora perdendo co tempo.

## 7. ELECCIÓN DOS PUNTOS

A rede dos puntos é bastante simétrica. As distancias son normalmente entre 15-20 kms, aga na costa, debido a que a densidade de poboación e o número de lugares habitados é moi superior ós do interior. Tívoise moi en conta a xeografía galega e maila realidade dialectolóxica. A rede é máis mesta cando se trata de delimitar fenómenos tan importantes coma o seseo, a geadada, os derivados dos sufixos latinos -ANU, -ANA cos seus plurais, os grupos -oit / -uit, etc. Outras veces serían puntos próximos na zona do galego exterior, pra establece-la fronteira coas falas leonesas.

No momento de fixármolos puntos, non queriamos que o ALGA puidera dar unha visión falsa da nosa fala, cousa que podería pasar de irmos encuestar somentes puntos illados en busca dun galego enxebre e non contaminado polo castelán. Polo que, se por unha parte moitos puntos dos sinalados están alonxados das principais vías de comunicación, outros corresponden a vilas e cidades, cun galego máis castelanizado no que ó léxico e á morfosintaxe se refire, e ás veces con evolucións fonéticas especiais, como pasa coa geadada: mentres nas aldeas o /g/ é unha aspirada, nas vilas e cidades é unha fricativa semellante ó /x/ castelán, froito da castelanización ese paso de /h/ a /x/.

No caso da costa, como se dixo antes, o número de puntos é superior pola enorme densidade de poboación, e é precisamente aquí onde hai unha maior riqueza dialectolóxica: geadada, seseo, ceceo, grupos -uit / -oit, infinitivo xerundial, cheísmo, teísmo e outros fenómenos importantes, polo que cumpría encuestar no maior número de puntos, a fin de fixar o mellor posible as fronteiras dos devanditos fenómenos.

## 8. OS INFORMANTES

8.1. *Número.*—Cando hai que facer unha encuesta con poucas palabras e só nuns cantos sitios, non é difícil atopa-lo informante "ideal" (iletrado, de intelixencia natural, natural do lugar o mesmo que os seus pais e a súa muller, que non fora ó servicio militar, que non viaxara, que fale con espon-

taneidade e sin prexucios no seu idiolecto, sin defectos articulatorios, etc.). Mais pra facer un cuestionario de 2.711 e aparte outro de 30 paradigmas verbais non sempre foi doado dar con ese informante, e nin siquera ás veces cun individuo que puidera contestar a todo.

Pra cada enquisa buscábase un informante principal e logo outros secundarios pra enche-las lagoas, especialmente cando se trataba de léxico moi especializado (tear, muiño, ferramentas dalgún oficio, etc.). Outras veces, había que reparti-lo cuestionario entre un par de informantes principais, por non nos poder atender un só individuo durante os dous ou tres días que se necesitaban pra cubri-lo cuestionario. E tamén houbo ocasións nas que se contou con varios informantes todos presentes á hora de facérmo-las preguntas.

Desde un principio intentamos recoller unha mostra da fala dun lugar, non só a fala dun individuo; e de ahí que recurrimos sempre a informantes secundarios especialmente pra comprobar certos fenómenos fonéticos (o *-e* paragóxico tralo infinitivo, a despalatalización do fonema /š/ que a miúdo só se dá nos “novos” pro non nos vellos, o tipo de seseo, o yeísmo, o rotacismo do *s*, etc., fenómenos que a miúdo viamos por conversas coa xente que non eran xerais a todo o lugar).

8.2. *Edade*.—Nunca encuestamos a xente de menos de 30 anos. Preferiamos informantes que tivesen darredor dos 60 anos, xente ponte entre a fala dos novos, máis castelanizada, e a fala máis enxebre da xente de moita idade. Se á hora de encuestar había xente nova presente, tamén rexistrábase as respostas que puideran dar separándoas das do informante principal.

8.3. *Sexo*.—A mor parte dos informantes son homes, pro en principio tan bo informante podía ser un home como unha muller, xa que esta coñece o referente á labranza tan ben coma o home por traballar na terra e atender á facenda ela mesma. Nalgunhas partes do cuestionario había que recurrir a mulleres pra encher lagoas no referente ó tear, ó modo de fiar e aparellos, por exemplo.

8.4. *Lugar de nacemento*.—Tódolos informantes tiñan que ser necesariamente naturais do lugar, o mesmo que os seus pais, e a ser posible tamén a súa muller e que non vivise ningunha temporada fora dese sitio.

8.5. *Oficio*.—Como a metade do cuestionario se refire a léxico de agricultura e ganadería, o informante tiña que ser necesariamente labrador, ou unha persoa que traballando noutra cousa tamén entendese de labranza (muiñeiro, carpinteiro de apeiros, augardenteiro, tecelás, etc.).

A poder ser, que non tivese instrución ningunha, pro de intelixencia natural. O instruído podería ter prexucios contra o idioma galego; e de feito houbo veces nas que non se puído seguir encuestando a un individuo porque intentaba contestar con términos casteláns ou agachar fenómenos fonéticos da zona por atoparse diante dun forasteiro.

## 9. MODO DE PREGUNTAR

A lingua que empregamos sempre foi a galega, que era a de tódolos nosos informantes.

Houbo preguntas que se fixeron directamente, especialmente se tiñamos

diante o obxecto (partes dun muíño, dun tear, dun carro, ferramentas). No referente ás partes do corpo, unhas veces sinalabámo-la parte da que se quería sabe-lo nome, e outras había que se valer de xestos, sobre todo se o léxico se refería a accións (laiarse, chosca-lo ollo, saloucar, acorar, rir, etc.).

A miúdo facíanse preguntas indirectas, dando unha definición e axudando en ocasións a obter a resposta, decíndolle ó informante algunha voz do campo semántico coa que a contestación agardada estivera relacionada. Con todo, había que procurar sempre que esta non fora forzada, que a nosa propia fala non influíra nunca na dos suxeitos encuestados.

Como material complementario levabamos:

- a) libros con ilustracións de insectos e de paxaros;
- b) un álbum con fotos e dibuxos de cancelas e distintos tipos de pechar unha leira, de apeiros (manlle, carro, ferramentas, arados, xugos), do tear, do forno, do muíño, da armazón dun tellado e das ferramentas dos distintos oficios (ferreiro, zoqueiro, canteiro, zapateiro, carpinteiro, etc.);
- c) un álbum de prantas, ademais dun libro de arbres e prantas.

Todo este material foinos dunha grande axuda. A miúdo non abundaba con presentar ó informante o dibuxo ou foto dunha pranta ou dun paxaro, por exemplo; había que dar algunhas características, describilo, pois sin iso non eramos capaces a tirarlle a resposta. A falta de educación visual é a causa de que non se relacionara a imaxe coa realidade concreta. No caso das prantas, moitas veces non se recoñecían aquelas que se ven decote, como poidan se-lo *fento*, *estrugas* ou *couselos*, polo que nos vimos obrigados a facer un herbario como complemento ás fotos e dibuxos.

## 10. REXISTRO E TRANSCRIPCIÓN

Tódalas respostas eran anotadas no cuestionario a carón da pregunta correspondente. Caso de seren varias as contestacións, cun signo indicábase cal delas era a máis usual; cal se rexistra nos vellos e cal nos novos (por exemplo, os días da semana, meses de ano, aparellos da casa, etc.); cal era a resposta propia dos homes e cal a das mulleres (*estar preñada*, *parir*, *fillo de solteira*, entre outras, nas que se agardaba unha resposta distinta segundo o sexo do informante); que voces se aplican ós animais e cales ó home (a miúdo víase que a voz galega era pra designar unha acción ou unha parte dun animal, mentres a correspondente castelá era aplicada ó home: os *riles* xeralmente son os do cocho, os *riñóns* son os do home; as bestas *espoltran*, as mulleres *abortan*; as vacas teñen *beizos*, as persoas teñen *labios*).

O alfabeto fonético empregado foi o do ALEA, aparte dalgún outro signo que ahí non figuraba. Intentamos rexistra-las respostas fonéticamente, do mellor modo posible, non limitándonos nunca a facer unha transcripción fonolóxica.